

## ***As galeras de Normandía,* de Ramón Loureiro**

Arantxa Serantes

[Recibido, xuño 2006; aceptado, xullo 2006]

RESUMO A autora desta Nota, despois de poñer de manifesto a boa acollida que tivo no seu día a novela de Ramón Loureiro titulada *As Galeras de Normandía*, fai unha análise da mesma poñendo de manifesto algunhas claves que a crítica, por diversas razóns, non soubo percibir. A complexidade e orixinalidade estrutural, certas mitoloxías e tradicións literarias dos países nórdicos, así como a intertextualidade con obras doutros autores galegos, como Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Torrente Ballester, Castelao ou Carlos Casares, son claves fundamentais que o lector debe ter en conta para transformarse en colaborador e cómplice da escritura, e mesmo en personaxe da novela.

PALABRAS CLAVE: Literatura galega, novela galega, Ramón Loureiro, mitoloxía.

ABSTRACT The author of this note, after reminding the reader of the favourable reception of Ramón Loureiro's book, *As galeras de Normandía* ('The Norman longships'), on its first publication, goes on to analyse the work, revealing aspects which had gone unnoticed by critics. The originality and complexity of its plot structure, the presence of certain myths and literary traditions of Scandinavia, combined with intertextual reference to the work of other Galician writers such as Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Torrente Ballester, Castelao and Carlos Casares, are basic elements which the reader needs to take into account in order to become a participant in the writing of the work and even a character in it.

KEYWORDS: Galician literature, Galician novel, Ramón Loureiro, mythology.

239

Hai pouco, acabábase de cumprir o segundo aniversario da publicación desta novela que non deixa indiferente a ningún lector e aínda que foi moi ben valorada pola crítica e por estudosos do talle de Basilio Losada ou Isaac Lourido formula moitas incógnitas nos propios lectores que adoitan malinterpretala e a entenden como unha “obra complexa e densa chea de crípticas referencias míticas e literarias”– tal e como apunta María Liñeira no portal web do Consello da Cultura Galega. O problema neste caso é que a autora do comentario se fixa máis na forma que no fondo do que se pode extraer a finalidade da obra: a construción da paisaxe vital do autor, que a modo de pincladas vai

suxerindo cales son os camiños até a súa infancia e, para iso, requírese da complicidade dun lector activo coñecedor das obras de escritores como Castelao, Casares, Cunqueiro, Torrente... e os seus universos máxicos, onde o tempo e o espazo non son o máis importante senón a acción, que ten moi presente a tradición histórica: mitos célticos, grandes sagas, etc., é dicir, un referente humanístico do que sabe facer uso á hora de elaborar unha crítica sobre temas de actualidade, empregando como voceiros aquelas persoas que fan das súas vidas intrahistoria: os vencidos; aqueles que non tiveron voz e xorden no medio do caos de onde nace a inxustiza, nun apaixonante xogo de máscaras e sombras, dentro do edificio deconstruído que o lector debe reinterpretar, para lle outorgar un significado persoal e único.

De aí a novidade desta singular obra literaria. O lector anónimo convértese en coautor. Se se teñen en conta as súas obras anteriores e, sobre todo, as posteriores: *A oca de Leonardo* ou *A saga de San Ferreol*, libros que semellan ser para nenos pero que admiten unha dobre lectura, moi concisos pero gráficos até tal punto que un pode chegar a comprender a simboloxía que introduce nas súas creacións máis complexas. Os libros citados son como unha chave que abre as portas da Terra de Escandoi, tal e coma suxeriu o autor nunha entrevista para a sociedade Dr. Castro, recentemente.

240

En *A saga de San Ferreol*, o seu libro máis recente, fai patente dous dos seus recursos literarios máis frecuentes: unha clara atención ao ámbito do simbólico sapiencial e ás referencias oníricas onde se elimina o tempo como elemento absoluto para poder recuperar as limitacións, ás que o autor se ve sometido, unha vez perdida a omnisciencia sobre os personaxes que comezan a ter unha vida e espazo propios, debuxados coa mestría de artistas como Francisco Pérez Porto neste caso particular, ou imaxinadas polo lector mergullado nun mundo abstracto como a verdade que quere comunicar para facer converxer cara a ela todos os sentidos.

En segundo lugar, non hai un argumento que siga unha única liña nesta novela, aínda que si se expresa o desexo ou fin último da mesma: a chegada das galeras de Normandía baixo unha actitude esperanzadora, paciente e liberadora tal e como se reflicte na focalización da narración dende diferentes perspectivas, os monólogos interiores e as rupturas temporais. Loureiro é aquí un observador que vai contando e transcribindo aquilo que ve, deixando de lado a biografía dos protagonistas para describir o rumbo que toman, a través das

accións que son as que descubren a verdadeira esencia dos caracteres ao longo das historias persoais.

Aínda que moitas persoas e espazos se recoñecen e debuxan unha cidade de Ferrol na que persiste unha sociedade xerárquizada e inamovíbel, deixa un pequeno raio de esperanza que coma un faro na noite ilumina un espazo, como diría Vicente Araguas, “trazado pola imaxinación activa entre o ceo e a terra”. O fantástico únese a un rexistro puramente autóctono. Unha vía que non se esgota senón que evoluciona até formulacións éticas. Os motores desta ficción impiden ler a súa obra dun xeito documental, mais as páxinas deste diario-crónica persoal, froito da súa experiencia periodística e fotográfica, fan mesturar as dimensións do real e da fantasía nas que as palabras cumpren unha función catártica e ontolóxica. O ambiente mariño (que nace da vocación atlántica na que se ambienta e o illamento xeográfico con respecto á Galicia interior ou entre os pobos dos que emerxe unha cultura céltica común froito da memoria ancestral) fai patente o conservadorismo ideolóxico dunha terra pouco disposta a un progreso que cambiase esta clase de inercias.

É neste momento cando cabe preguntarse por que a novela non pode ser en si mesma un instrumento de transmisión de coñecemento. *As galerías de Normandía* é un exemplo de como poden exporse as ideas filosóficas máis complexas baixo a forma dun canto profético, unha esperanza subconsciente que propicie debater cuestións básicas do ser humano, porque o límite non é o tema ou o tempo, nin sequera o estilo para achegar unha nova lectura da realidade baseada nun episodio histórico ao que confire un sentido sacro que compensa a sede de transcendencia dos personaxes. Neste descenso aos *abismos* (palabra que se pode asociar ao misterio, polo seu significado fronteirizo entre o coñecido e o baleiro que se traduce nunha procura, un berro de alerta cando algo novo aparece no horizonte, unha tensión entre historia e eternidade), a angustia da espera e a incerteza auguran a reconstrución da última Bretaña, desbordada por un coñecemento que se abre paso e desgarrar interiormente. A densidade do que percibe o autor provoca a sensación de non ver, de non saber ou de non poder porque vive inmerso na néboa nacida da utopía onde non hai terra á vista, pois nela se purifican as imaxes da infancia, a conciencia e a cosmovisión persoais, tal e como se describe en parágrafos como este: “a fragmentación do espello no que se reflicten os recordos, é por mor de que as imaxes que se producen nel estean todas feridas, a forza de ferilas, mutiladas” (p. 89).

Unha lóxica que entra nunha crise irreversíbel ao entender que este non é o mellor dos mundos posíbeis. Un dos grandes fitos, neste sentido, está nun Sartre adaptado até adquirir un aspecto xornalístico que se atreve a mirar dende o reverso que superpón diferentes planos para indagar na memoria que pode ser revivida, reescrita e até reinventada na superficie duns rostros ou nuns seres que nos rodean como almas en pena que resucitan nos silencios e nos ecos a modo de Armada Invencíbel máis aló do ben ou do mal: “raros afo-gados aos que ou corazón lles altera ou se lles sente latexar a través da espuma de auga salgada na que se agora fose día as galeras terían que aparecer nalgún momento” (p.160).

242

As galeras son o camiño da liberación e modernización, tanto para a súa cidade natal –na que a industria naval é a principal fonte produtiva–, coma para Galicia, símbolo de expansión e progreso. Resulta obvia a vontade de implicar e explicar a situación da realidade galega contemporánea con indicacións, localizacións e nomes reais (Derbi, Vari Caramés, Rúa Real, Hotel Suízo, etc.) ou reflexións que dan conta do compromiso intelectual que se pode resumir nunha apoloxía sobre a liberdade mesma e, sobre todo, en admitir a posibili-dade da súa consecución grazas á existencia duns seres inadaptados que son asimilados a unha sociedade transixente que non obedece a ningunha causa moral ou cívica, capaz de cometer crimes e inxustizas co pleno convencemen-to de que o dereito está da súa parte, debido a unha oligarquía financeira que explota e extrae riqueza natural e humana, xunto a sectores interesados na per-petuación da devandita situación. Sobre as clases populares recae o labor de cambiar a historia, que permanece inacabada entre os espazos en branco que deixan tras de si palabras aínda non escritas. É reveladora a pasaxe que di “un quere ser escoitado non polo que poida facer, que é igual que nada, senón polo que descubriu e podería dicir. E, en consecuencia, tamén polo que cala e garda para si el” (p.116). Aquí ofrécense as perspectivas coas que o autor xoga: a ocultación –que se reflicte na identidade dos personaxes aos que lles coloca sobrenomes caracterizadores como (Maratonista Nocturno, Fociño Lobete ou Isidoro Luminoso, por citar algúns). Doutra banda, está a revelación dos fei-tos, a través de testemuñas, verdadeiros actores históricos e vítimas, como o caso de Caribe Menor “testemuña tan perigosa para vós que a secuestraron sen saber que facer con ela” (p.117).

Fronte á narrativa do século XIX, que situaba os personaxes nunha situa-ción social específica, esta novela presenta individuos desarraigados, solitarios

e sobre todo, perdidos polas circunstancias moitas veces descoñecidas para o autor, pero que imperan e danse habitualmente na vida cotiá; reflírome por exemplo ao sometemento de mulleres como Corcafé, a corrupción, os incendios provocados, os asasinatos que despois aparecen na sección de sucesos dun xornal, etc., todo o cal dota a narración dunha certa reminiscencia kafkiana onde se insiste na idea de que o ser humano é vítima da sociedade, impotente contra o seu contorno.

Ramón Loureiro mantén longas digresións consigo mesmo, nun intento por baleirar o seu espírito, coma se se tratase dunha experiencia psicanalítica ao máis puro estilo freudiano ante un narratorio presente ou ausente ou até feito personaxe na figura do Morgado. De aí a discontinuidade que encerra o texto nunha subxectividade intelectual que se converte en intersubxectividade cando o lector se atreve a escoitar e a entrar neste diálogo activo que se renova a través das relecturas. Isto remítenos a unha das características máis salientábeis dun dos escritores que ten como referente o autor: Faulkner. Considero este libro como unha forma de resistencia individual con respecto a unha serie de acontecementos dos que a xente non quere falar: a manipulación por parte dos poderosos ante unha forma de vida que nos vén imposta dende o exterior e que, ficticiamente, nos outorga unha serie de liberdades.

243

Quizais de aí veña a necesidade de recuperar un mundo imaxinario onde o universo narrativo dá o que a realidade lle quita, dando a luz unha angustia existencial na que as relacións humanas se fan tensas, e o amor vese reducido a mera pulsión rodeada dun certo tetricismo obxectivo por parte de mentes atormentadas. Lonxe de propor unha escritura ao máis puro estilo realista, a temática política está presente e vén representada por referencias explícitas: á ditadura de Franco, gobernos locais, institucións xerárquicas, que son obxecto de ironía e crítica.

Loureiro invita a participar a conversadores moi diversos como Merlín ou Casares (entre outros amigos do autor xunto a seres anónimos) que se transforman en personaxes que exercen un protagonismo maior que o do propio autor, convertendo a novela nun espazo de libre expresión onde se formula a xénese dun posíbel libro futuro onde o príncipe de dúas cabezas sería o actor principal e tería unha historia propia, pero “non nun libro no que fose un personaxe máis” –como confirmou no suplemento *Dumio* de *La Voz de Galicia*.

Ao meu xuízo creo que existe, dende un punto de vista formal e vital, unha serie de autores omnipresentes na novela como Cunqueiro, Torrente e Casares. Aínda que xa advertín ao longo deste escrito algúns dos referentes de diversa índole que inflúen na narrativa de corte humanístico de Loureiro, pode advertirse que Casares ocupa unha porcentaxe altísima non só por estar encuberto baixo o personaxe do Señor Chanceler, formando parte dos protagonistas interlocutores da novela, senón polos numerosos trazos polos que se intúe a inalterábel amizade que houbo entre ambos até o seu falecemento.

Como lectora de ambos puíden identificar unha serie de elementos que caracterizan as dúas obras que por un lado semellan inconclusas, prolongando dese xeito o espazo narrativo e despregando a imaxinación do lector, e por outro teñen un rexistro popular e próximo para facilitar a interpretación con referencias a espazos rurais ou a personaxes, escenas típicas do lugar (tabernas, esmoleiros, circos, etc.) e un certo efectismo simbólico que favorece a empatía e a complicidade e onde se entrelazan aspectos que agroman dunha visión pouco convencional que afasta a ambos os canons dunha produción literaria comercial destinada ás masas.

244

Por momentos, *As galeras de Normandía* evócame dalgún xeito a *Vento ferido*, de Casares. A razón reside en que estes dous libros difiren do *Nouveau Roman* e quizais tamén en que os críticos lles outorgaron, a través dos seus artigos, un gran valor textual porque converteron a súa escritura en algo moi noso, entrañabelmente galego. Son obras tan completas, que até permiten obter unha clara definición do que significa o oficio de escritor. Tal e como se define en *As galeras de Normandía* é “o maior dous tesouros coñecidos, que é o dereito a inventarse, a capacidade para agrandar o mundo e para medrar un mesmo mediante a fabulación” (p.112).

O desenlace é a parte máis enigmática de toda a novela quizais pola secuencia de preguntas retóricas e incontestábeis. As dúbidas esvaécense sempre que haxa alguén disposto a tomar os remos ou esperten aqueles que teñen a alma durmida e non poden atopar no medio do naufraxio a luz doutros días.

Quizais a dosificación de información que fai á hora de describir os seus personaxes poida ser a fonte de novas obras que talvez cheguen a converterse nunha prestixiosa saga moderna ao máis puro estilo da *Materia de Bretaña* na que o autor se converta nun cabaleiro na procura do seu Grial particular nun

mundo onde a corrupción é interpretada como un síntoma de normalidade e a dignidade do ser humano sofre un continuo descrédito.

Agora que este libro estase a traducir ao castelán penso que moita máis xente poderá achegarse a este microcosmos dotado de realismo máxico, aínda que é posíbel que moitas referencias locais perdan o seu significado contextual; creo, ao mesmo tempo, que ese é o seu maior recurso literario, a capacidade de rexeneración que ten esta novela e os seus infinitos cromatismos, como toda boa obra de arte que se prece.

*Arantxa Serantes*  
Universidade da Coruña